

Os determinantes e os pronomes

EXERCICIOS DE AUTOAVALIACIÓN - REPASO

1. Nos seguintes exemplos, indica se as palabras subliñadas actúan como pronomes ou como determinantes, e di de que tipo son (relativos, artigos, etc.); para o caso dos determinantes, indica o tipo de determinación que realiza:

- Unha nena que diga esas cousas demostra moita madurez.
- Esta é a opción correcta. Sinala outra para rematares ben a proba.
- O primeiro cadro que ves é un Picasso. Este tróuxeno da casa grande.

2. Utiliza a segunda forma do artigo sempre que sexa posible:

- A organización tomou a decisión de suspender a viaxe a ambos os viaxeiros por o mal tempo.
- Ti es o causante de que perdamos o tren todas as veces que saímos nós os dous.
- A biblioteca municipal acordou comprar as últimas novidades editoriais tras as recentes doazóns orzamentarias.
- O teu avogado presentará o recurso se lle dás a documentación que che solicitou.

3. Os numerais fan referencia á cantidade de maneira máis ou menos exacta ou precisa; os indefinidos sinalan cantidades dun xeito menos preciso. Os ordinais, malia que son numerais, non indican cantidade senón orde dentro dunha sucesión.

Escribe en letra as seguintes cantidades: 18, 25, 500, 7º, 18º, 91º, x3 (multiplicativo), x9, x100, 1/3, 1/11, 1/1000

4. Propón un exemplo para cada un dos seguintes numerais: dous, dúas, vinte e seis, cincocentas, sétimo, septuaxésima, nonaxésima, triplo, terzo.

5. Repara en que o pronome persoal átono de complemento indirecto para terceira persoa de plural (o que se corresponde coa forma *elles*) é *lles*, non *lle*. Cando contrae coa forma de complemento directo, a forma resultante é *llelos*. Revisa os teus apuntamentos e propón seis novos exemplos en que demostres o uso das formas átonas do pronome cando concorren os complementos directos (*o/s, lo/s, no/s, a/s, la/s, na/s*) cos indirectos (*me, che, lle, nos, vos, lles*).

6. Procura nos teus apuntamentos ou en calquera outra fonte (unha gramática, internet, etc.) os casos en que o pronome átono en galego se sitúa na posición anterior ao verbo. Resúmeos e pon exemplos a cada caso. Observa que na maioría das ocasións esa anticipación do pronome está motivada por causas expresivas, para sinalar ou focalizar algún aspecto no discurso (negación, admiración, exclamación, cantidade, etc.).

7. Identifica as formas pronominais de solidariedade e interese:

- Donas e cabaleiros éelles importante que me estean atentos.
- Os meus fillos non che me obedecen nunca.

- Estouvos ben desgustado con todo isto.
- Fágame caso, haille moita necesidade.

8. Indica se as formas pronominais resaltadas son de solidariedade (s), interese (i) ou Complemento Indirecto (CI):

- Un bico, cóidateme.
- Quería dous kilos de mexillóns, que non **me** estiveran abertos.
- Fun ó médico pedirlle a baixa, pero non **ma** deu.
- O queixo azul non **che me** gusta.

9. Indica os valores do pronome se nas seguintes oracións:

- Alégase baixos comerciais.
- Prometéronse bolsas de estudo.
- A alumna abandonouse moito.
- Martiño e Xoán déronse un abrazo.
- Antía lavouse esta mañá.

10. Corrixe os erros nas seguintes oracións.

- Manqueime a perna xogando ao fútbol.
- Cho digo en serio, foi así.
- Deille unha boa sorpresa ao meus amigos.
- Non che podes poñer así.
- Fíxenme unha tatuaxe nas costas.
- Cando vaste ir?

Solucións

1. Nos seguintes exemplos, indica se as palabras subliñadas actúan como pronomes ou como determinantes, e di de que tipo son (relativos, artigos, etc.); para o caso dos determinantes, indica o tipo de determinación que realiza:

- Unha: determinante (actualizador) artigo indeterminado.
- Que: pronome relativo.
- Esas: determinante (deíctico) posesivo.
- Moita: determinante (cuantificador) indefinido.
- Esta: pronome demostrativo.
- A: determinante (actualizador) artigo determinado.
- Correcta: determinante (cualificativo) adxectivo.
- Outra: pronome (cuantificación) indefinido.
- A: determinante (actualizador) artigo determinado.
- O: determinante (actualizador) artigo determinado.
- Primeiro: determinante (cuantificador) numeral ordinal.
- Que: pronome relativo.
- Un: determinante (actualizador) artigo indeterminado.
- Este: pronome demostrativo
- Grande: determinante (cualificativo) adxectivo.

2. Utiliza a segunda forma do artigo sempre que sexa posible:

- A organización tomou a decisión de suspender-la viaxe a ámbolos dous viaxeiros polo mal tempo.
- Ti é-lo causante de que perdámo-lo tren tódalas veces que saímos nó-los dous.
- A biblioteca municipal acordou compra-las últimas novidades editoriais tralas recentes doazóns orzamentarias.
- O teu avogado presentará o recurso se lle dá-la documentación que che solicitou.

3. Os numerais fan referencia á cantidade de maneira máis ou menos exacta ou precisa; os indefinidos sinalan cantidades dun xeito menos preciso. Os ordinais, malia que son numerais, non indican cantidade senón orde dentro dunha sucesión.

Escribe en letra as seguintes cantidades: 18, 25, 500, 7º, 18º, 91º, x3 (multiplicativo), x9, x100, 1/3, 1/11, 1/1000

18: dezoito

25: vinte e cinco

500: cincocentos ou quíntos

7º: sétimo

18º: décimo oitavo

91º: nonaxésimo primeiro

X3: triplo

X9: nóuplo

X100: céntuplo

1/3: terzo

1/11: onceavo

1/1000: milésimo

4. Propón un exemplo para cada un dos seguintes numerais: dous, dúas, vinte e seis, cincocentas, sétimo, septuaxésima, nonaxésima, triplo, terzo.

Resposta libre. Exemplos de respostas:

- Teño dous libros novos.
- Esta mañá merquei dúas ducias de ovos.
- Teu curmá hoxe cumpre vinte e seis anos.
- O profesor de educación física fai cincocentas flexións ao día.
- Eu vivo no sétimo piso deste edificio.
- Hoxe celébrase a septuaxésima festa da rosca.
- É a nonaxésima vez que che digo o que tes que facer.
- Para poder mercar ese coche teño que gañas o triplo polo menos.
- Para a festa é suficiente un terzo desa torta.

5. Repara en que o pronome persoal átono de complemento indirecto para terceira persoa de plural (o que se corresponde coa forma *eles*) é *lles*, non *lle*. Cando contrae coa forma de complemento directo, a forma resultante é *llelos*. Revisa os teus apuntamentos e propón seis novos exemplos en que demostres o uso das formas átonas do pronome cando concorren os complementos directos (*o/s, lo/s, no/s, a/s, la/s, na/s*) cos indirectos (*me, che, lle, nos, vos, lles*).

Resposta libre. Exemplos de respostas.

- Déillelos onte pola mañá.
- Entregóuvolas na man para que non se perderan.
- Teu irmán tiña cunchas pero regaloullas ao meu veciño.
- Contoulles toda a verdade e a min díxoma tamén.
- Xoán mercoulles unha moto aos seus fillos e xa llela entregou.
- Non llelas deas que sempre a as acaban perdendo.

6. Procura nos teus apuntamentos ou en calquera outra fonte (unha gramática, internet, etc.) os casos en que o pronome átono en galego se sitúa na posición anterior ao verbo. Resúmeos nun cadro e ponlle exemplos a cada caso. Observa que na maioría das ocasións esa anticipación do pronome está motivada por causas expresivas, para sinalar ou focalizar algún aspecto no discurso (negación, admiración, exclamación, cantidade, etc.).

O pronome átono vai diante do verbo nos seguintes casos:

1. Nas oracións subordinadas: *Dille que me chame.*
2. Nas oracións interrogativas e exclamativas: *¿Canto che custou?*
3. Nas oracións desiderativas: *oxalá me chamen para esa película.*
4. Nas oracións negativas: *Non te coñezo.*
5. Cando o verbo vai precedido de certos adverbios: *acaso, aínda, xa, axiña, mesmo, sempre, nunca, tamén...* e cando o verbo vai precedido por algúns indefinidos: *algo, alguén, ninguén, ambos, bastante, calquera, todo, nada.*

6. Cando comeza o enunciado un elemento do predicado que habitualmente vai detrás do verbo, para focalizar a atención sobre el: *Ganas me deron de marchar de alí.*

7. Identifica as formas pronominais de solidariedade e interese:

- Donas e cabaleiros **élles** (solidariedade) importante que **me (interese)** estean atentos.
- Os meus fillos non **che** (solidariedade) me obedecen nunca.
- Estou**vos** (solidariedade) ben desgustado con todo isto.
- Fágame caso, haille (solidariedade) moita necesidade.

8. Indica se as formas pronominais resaltadas son de solidariedade (s), interese (i) ou Complemento Indirecto (CI):

- Un bico, cóidat**me** .**(i)**
- Quería dous kilos de mexillóns, que non **me** estiveran abertos. **(i)**
- Fun ó médico pedir**lle** a baixa, pero non **ma** deu. **(CI)**
- O queixo azul non che **(s)** me **(CI)** gusta.

9. Indica os valores do pronome se nas seguintes oracións:

- Alúgase baixos comerciais. Impersoal
- Prometéron**se** bolsas de estudo. Pasiva reflexa.
- A alumna abandonou**se** moito. Pronominal.
- Martiño e Xoán déron**se** un abrazo. Recíproco.
- Antía lavou**se** esta mañá. Reflexivo.

10. Corrixe os erros nas seguintes oracións.

- **Manquei** a perna xogando ao fútbol.
- **Dígocho** en serio, foi así.
- **Deilles** unha boa sorpresa ao meus amigos.
- Non **te** podes poñer así.
- **Fíxen** unha tatuaxe nas costas.
- Cando **te** vas ir?